



CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: 981- 51 30 52
Fax: 981- 51 30 00
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: P-1501200-H

Na Xunta de Goberno Ordinaria do día 7 de decembro de 2018, aprobáronse as bases para a selección de educadores/as infantís que a continuación se transcriben:

BASES PARA A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA POSTOS DE EDUCADORES/AS INFANTÍS

Sendo necesario prever as posibles necesidades de contratación temporal para postos de Educador/a Infantil para a Escola Infantil municipal do concello de Boqueixón e non dispoñendo dunha lista para a cobertura interina de posibles vacantes e/ou substitucións, a xunta de goberno ACORDA:

- 1.- Iniciar o procedemento de elaboración dunha lista de aspirantes para a selección de persoal laboral temporal para postos de educadores/as infantís (GRUPO LABORAL III).
- 2.- Aprobar as seguintes Bases Xerais para a creación dunha Bolsa de traballo de persoal temporal para posibles nomeamentos para postos de Educadores/as Infantís:

1º.- OBXECTO: É obxecto das presentes bases, a creación dunha lista de traballo que atenda ás necesidades temporais do persoal educador/a infantil cando a praza se encontre vacante, por incapacidade temporal, por disfrute de vacacións ou licenzas e permisos, posto que o mantemento do servizo é unha necesidade urxente e inaprazable.

2º.- TITULACIÓN REQUERIDA: os/as candidatos/as terán que estar en posesión dalgunha destas titulacións que a continuación se indican:

Títulos universitarios (arts. 1.2, 8.1 e D.F. 1ª do Real Decreto 132/2010; arts. 1, 2.1, e D.F. 1ª do Real Decreto 476/2013):

- Título de Grao en Educación Infantil.
- Mestre/a especialista en educación infantil (diplomatura).
- Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica coa especialidade de Educación Infantil ou de Educación Preescolar (R.D. 1954/1994, do 30 de setembro, BOE nº 275, do 17/11/94).
- Mestre en Educación Primaria coa especialidade de Educación Infantil ou Preescolar.

Títulos de Formación Profesional

- Técnico/a superior en educación infantil.

Son equivalentes a este os seguintes títulos (segundo a D.A. 3ª do Real Decreto 1394/2007, de 29 de outubro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Educación infantil e se fixan as súas ensinanzas mínimas e o Decreto 226/2008, do 25 de setembro, DOG nº 198, do 13/10/08):

- ✓ Técnico/a especialista en xardíns de infancia, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.
- ✓ Técnico/a especialista educador infantil, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa
- ✓ Técnico/a superior en educación infantil, establecido polo Real Decreto 2059/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 86/1999, do 11 de marzo

3º.- DURACIÓN: a duración da lista de traballo será ata a creación dunha nova lista e como máximo será de 3 anos.

4º.- PUBLICIDADE: a lista deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal. A publicación dunha nova lista extinguirá a anterior.

5º.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES: poderán participar na convocatoria quen reúna os seguintes requisitos o día da presentación da solicitude:

*Ter nacionalidade española ou a dun dos Estados membros da Unión Europea, ou doutros estados para os que se permita o acceso segundo a lexislación vixente.

*Ter cumpridos 16 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

*Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas e non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o desempeño das funcións correspondentes.

*Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza xudicial.

*Non estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade previstos na lexislación vixente.

*Estar en posesión dos requisitos de perfil laboral que se esixen para o posto de traballo ao que se opta.

*Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

Títulos universitarios (arts. 1.2, 8.1 e D.F. 1ª do Real Decreto 132/2010; arts. 1, 2.1, e D.F. 1ª do Real Decreto 476/2013):

- Título de Grao en Educación Infantil.
- Mestre/a especialista en educación infantil (diplomatura).
- Diplomado en Profesorado de Educación Xeral Básica coa especialidade de Educación Infantil ou de Educación Preescolar (R.D. 1954/1994, do 30 de setembro, BOE nº 275, do 17/11/94).
- Mestre en Educación Primaria coa especialidade de Educación Infantil ou Preescolar.

Títulos de Formación Profesional

- Técnico/a superior en educación infantil.

Son equivalentes a este os seguintes títulos (segundo a D.A. 3ª do Real Decreto 1394/2007, de 29 de outubro, polo que se establece o título de Técnico Superior en Educación infantil e se fixan as súas ensinanzas mínimas e o Decreto 226/2008, do 25 de setembro, DOG nº 198, do 13/10/08):

- ✓ Técnico/a especialista en xardíns de infancia, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa.

- ✓ Técnico/a especialista educador infantil, rama de servizos á comunidade, da Lei 14/1970, do 4 de agosto, xeral de educación e financiamento da reforma educativa
- ✓ Técnico/a superior en educación infantil, establecido polo Real Decreto 2059/1995, do 22 de decembro, cuxo currículo para Galicia foi establecido polo Decreto 86/1999, do 11 de marzo

* Ó tratarse de persoal ó que lle corresponde realizar tarefas que implican contacto habitual con menores, debe cumprir co disposto no artigo 13.5 da L.O. 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, para o que deberán presentar o Certificado que o acredite expedido polo organismo correspondente.

* Certificación de aptitude do Celga 4 ou superior ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.

* Estar en posesión do certificado do curso de manipulador de alimentos.

6º.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN: As solicitudes para participar no concurso de méritos para ser incluído na Bolsa de emprego, nas que as/os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases, dirixiranse ao sr. Alcalde do concello de Boqueixón e presentaranse no Rexistro de entrada en horario de 9:00h a 14:00 h de luns a venres ou a través dos procedementos establecidos no art. 16.4 da lei 39/2015 do procedemento administrativo común, no prazo de dez días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín oficial da provincia, no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

Dito prazo será inquebrantable, quedando automaticamente excluídas todas aquelas solicitudes rexistradas con data posterior á finalización de dito prazo.

Xunto ás instancias para tomar parte no concurso de méritos deberán presentarse os documentos acreditativos seguintes:

- Fotocopia DNI, ou no seu caso pasaporte ou tarxeta de residencia.
- Documento acreditativo, orixinal ou copia compulsada da titulación esixida.
- Certificación de aptitude do Celga 4 ou superior ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- Documentos acreditativos da experiencia laboral e do tempo en desemprego desde o último traballo, orixinais ou copias compulsadas.
- Relación numerada dos méritos, segundo a orde que se establece na base 9, e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido na mesma base

7º.-TRIBUNAL DE SELECCIÓN: a selección dos candidatos realizarase por un Tribunal constituído por:

- Un presidente, que será un funcionario designado polo alcalde.
- Tres vogais, funcionarios designados polo alcalde.

- Unha secretaria, a da corporación ou funcionaria en quen delegue.

O tribunal poderá dispor a incorporación ás sesións, de asesores especialistas.

O tribunal non poderá constituírse sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros titulares ou suplente.

O tribunal resolverá todas as dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases.

8º.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES. LISTA PROVISIONAL E DEFINITIVA:

Terminado o prazo de presentación de instancias, o alcalde ditará Resolución no prazo máximo de 5 días hábiles declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as así como os excluídos/as, comunicando as causas e establecendo, no seu caso, un prazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da Resolución no taboleiro de edictos e na páxina web municipal para a corrección de defectos. Se non se corríxen en dito prazo arquivarase a instancia sen máis trámite e será excluído da lista de aspirantes.

Transcorrido o prazo de corrección, pola alcaldía aprobarase a lista definitiva de admitidos e excluídos no seu caso, e publicarase no taboleiro de edictos e na páxina web municipal.

9º.- FASE DE CONCURSO: procederase á selección mediante a seguinte valoración dos méritos:

FORMACIÓN	4 PUNTOS
EXPERIENCIA LABORAL	5 PUNTOS
TEMPO DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALL (SEGUNDO VIDA LABORAL)	1 PUNTO
TOTAL	10 PUNTOS

1) FORMACIÓN:

Puntuación máxima a acadar neste apartado: **4 puntos**

- Por posuír outra titulación media ou superior, ademais dunha das esixidas na base segunda apartado c) desta convocatoria, sempre que estea relacionada coas tarefas do posto de traballo a ocupar: 0,50 punto por cada titulación ata un máximo de 1 punto.
- Por ter asistido a cursos de formación e perfeccionamento impartidos en centros oficiais, universidades, colexios oficiais ou escolas de administración pública relacionados coas materias obxecto desta convocatoria, ata un máximo de 2 puntos:
 - Máster, título oficial (relacionados co posto ofertado): máx. a acadar 1 punto.
 - Experto/ posgrao universitario (de máis de 300 horas): 0,80 puntos
 - Experto/ posgrao universitario (ata 299 horas máximo): 0,70 puntos
 - Cursos de 100 ou máis horas: 0,50 puntos
 - Cursos de 50 a 99 horas: 0,30 puntos
 - Cursos de 20 a 49 horas: 0,15 puntos
 - Cursos de 1 a 19 horas: 0,10 puntos

- Coñecementos de idiomas (máx. 1 punto):
 - Cursos de inglés dunha escola oficial: nivel básico: 0,15 puntos; nivel medio: 0.50 puntos; nivel avanzado: 1 punto.

Só se terá en conta o curso ou validación máis alta da que dispoñan os candidatos presentados.

2) EXPERIENCIA LABORAL:

Puntuación máxima a acadar neste apartado: **5 puntos**

a) Por servizos prestados como educador/a infantil de nenos de 0 a 3 anos tanto en administración públicas ou en empresa privada: 0,10 puntos/mes.

Asemade non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e a puntuación reducirase proporcionalmente polos prestados a tempo parcial.

Requisitos e forma de acreditar o mérito de experiencia laboral:

Acreditarase mediante orixinal ou copia compulsada da **certificación expedida pola empresa privada ou pola administración pública** ao servizo na cal prestara servizos, na que se fará constar o nome do posto, clase de persoal, duración da prestación dos servizos, a porcentaxe da xornada, escala, subescala, grupo e corpo. **E certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.**

3) TEMPO DE DESEMPREGO DESDE O ÚLTIMO TRABALLO (SEGUNDO VIDA LABORAL):

Puntuación máxima a acadar neste apartado: **1 punto**

Os/as aspirantes acreditarán dita circunstancia aportando un informe de vida laboral actualizado expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Menos de 12 meses0,40 puntos.
- De 12 a 18 meses 0,75 puntos.
- Máis de 18 meses... 1 puntos

SISTEMA DE RESOLUCIÓN DE EMPATES: no caso de obtención da mesma puntuación, a orden dos aspirantes determinarase atendendo aos seguintes criterios:

1º.- Maior puntuación obtida no apartado anterior 1 do BAREMO.

En caso de igualdade de puntuación:

2º.- Maior puntuación obtida no apartado anterior 2 do BAREMO.

Se se mantén a igualdade de puntuación, o empate dirimirase mediante sorteo público.

10º.- ELABORACIÓN DA BOLSA DE TRABALLO: unha vez terminada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal elaborará a correspondente lista

establecendo a orde de prelación para a súa contratación. Esta lista farase pública no taboleiro de edictos do concello e na páxina Web municipal.

Os candidatos que resulten seleccionados por reunir os requisitos esixidos non ostentarán dereito subxectivo algún para a formalización de contratos de traballo.

11º.- RENUNCIAS: A negativa a aceptar calquera oferta de traballo da lista será causa automática de exclusión da lista de traballo ata a confección dunha nova lista.

Non obstante serán causas xustificativas para non ser excluído da lista:

a) Estar traballando para calquera administración u organismo público ou empresa privada. Deberá acreditarse ante o concello dita circunstancia no prazo máximo de tres días desde que sexa chamado/a presentando copia compulsada do correspondente contrato de traballo visado.

b) Estar en situación de Incapacidade Temporal.

Nestes casos o candidato/a afectado por tales circunstancias pasará ao derradeiro lugar da lista.

12º.- OBRIGAS DOS INTEGRANTES DA BOLSA: os integrantes da bolsa de Emprego están obrigados a sinalar os datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.

O nomeamento do persoal efectuarase seguindo a orde de puntuación establecida na bolsa de traballo, de xeito que cando se deba proceder á cobertura temporal ofertaráselle o posto de traballo ao primeiro/a aspirante da lista.

Dito requirimento será realizado de forma telefónica, deixando dilixencia desta actuación a directora do centro.

De non ser localizado o primeiro integrante da lista, procederase a chamar aos seguintes aspirantes.

A falta de contestación telefónica dun candidato da lista para a súa incorporación non será considerada como renuncia, conservando o seu posto na mesma para as próximas incorporacións.

O integrante da bolsa que obteña un nomeamento para a cobertura dun posto de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu nomeamento co concello volverá causar alta no posto da lista que lle corresponda en relación cos puntos obtidos no proceso selectivo.

13º.- EFECTOS DA SOLICITUDE E ADMISIÓN NA BOLSA DE EMPREGO: A presentación da solicitude de inclusión na bolsa de Emprego así como a súa admisión na mesma non implica obriga de ningunha índole por parte da administración convocante co solicitante incluso no referente á convocatoria de probas selectivas.

14º.- NORMA FINAL. Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, poderán ser impugnadas con carácter potestativo polos interesados mediante a interposición de recurso de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP, ou ben directamente, mediante recurso contencioso-

administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no BOP, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se estime oportuno.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE EDUCADORES INFANTÍS PARA A ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL RAIÑA LUPA DE BOQUEIXÓN

APELIDOS E NOME:

DNI:

ENDEREZO:

MAIL:

Rúa: N.º: Escaleira: Piso: Porta:

Código postal: Municipio: Provincia:

Teléfono de contacto:

Tendo coñecemento da convocatoria publicada no Boletín Oficial da Provincia número..... de data..... //,

1.º) SOLICITO tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2.º) DECLARO que son certos os datos consignados nesta solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos necesarios para o ingreso na función pública e as sinaladas na correspondente convocatoria e que me comprometo a prestar xuramento ou promesa de conformidade co Real decreto 707/1979, de 5 de abril.

3.º) ACHEGO orixinal ou copia compulsada dos seguintes documentos:

- Titulación universitaria requirida nas bases de convocatoria
- Documento nacional de identidade ou pasaporte, tarxeta de residencia.
- Certificación de aptitude do Celga 4 ou equivalente.
- Certificado do curso de manipulador de alimentos.
- Ó tratarse de persoal ó que lle corresponde realizar tarefas que implican contacto habitual con menores, debe cumprir co disposto no artigo 13.5 da L.O. 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor, para o que deberán presentar o Certificado que o acredite expedido polo organismo correspondente.

- Relación numerada dos méritos que alego e os documentos xustificativos dos mesmos segundo o establecido nas bases de convocatoria.
- Declaración de ter a capacidade funcional para o desempeño das tarefa e non padecer enfermidade ou limitación física ou Psíquica que impida o desempeño das funcións correspondentes.
- Declaración de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das función públicas por sentenza xudicial.
- Os datos recollidos a través deste anexo trataranse de conformidade coa Lei de Protección de Datos de Carácter Persoal (Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro BOE do 14-12-1999), informámoslle que se empregarán unicamente co fin de participar no proceso selectivo e serán publicados nos listados de selección do mesmo e AUTORIZANDO vostede para tal efecto. Se vostede o desexa pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previsto pola indicada Lei Orgánica enviando un correo electrónico ó enderezo manolo.fernandez.munin@boqueixon.com ou ben mediante un escrito ó Alcalde de Boqueixón.

Manuel Fernández Munín
O Alcalde